



XIV. CONCURSO DE CUENTOS

REPSOL - YPF

Primer Premio en Versión Gallega

Título: "A VIDA É UNHA CAIXA DE SORPRESAS".

Autora: RAQUEL PALOMINO GONZÁLEZ.

Centro: COLEXIO MARIA INMACULADA.

VIGO.

AÑO 2.001

*“A vida é aquilo que pasa
mentres ti fas proxectos”*

A VIDA É UNHA CAIXA DE SORPRESAS

“A vida é unha caixa de sorpresas”, díciolle a Manuel con aquel sorriso retranqueiro dos días que estaba ledos, que lle facía brilla-los ollos con aquela luz de picardía e amizade. Xurxo tiña vinte e seis anos, e todo o seu porvir por diante. Quería casar, ter fillos e viaxar se a súa modesta conta llo permitía; tódolos proxectos que ten un mozo que albisca preto os trinta e que aínda vive na casa dos pais. Pero de súpeto, como un furacán de vida, abríraselle un novo porvir diante dos ollos: Primeiro ela, coa súa dozura e alegría, e despois aquela proposta, tan desexada como inesperada.

Había algún tempo lera no periódico un concurso informático da súa especialidade, e non o dubidara dúas veces antes de presentarse. Gañou con diferenza e chamou a atención dunha grande empresa de software, que sen máis nin máis lle ofrecera un posto importante e moi ben remunerado no estranxeiro. *Unha caixa de sorpresas, unha caixa de sorpresas, unha caixa de sorpresas...* Xurxo non podía saca-la frase da cabeza, mentres se afastaba da casa de Manuel. O día tornaba ó seu fin, e a pesar de que o sol non saíra nin por asomo entre aquelas nubes gris chumbo, o ceo escurecera máis aínda se cabe. O vento frío traspasáballe a chaqueta de coiro mentres circulaba pola autovía e dábanlle pequenos arrepios mentres sentía os agarimosos brazos de Ana ó redor do van. *Unha caixa de sorpresas...* A moto deu un bandazo, a estrada estaba mollada, patinou... O último que viu foi a Ana saír despedida cara adiante co seu pelo loiro saíndolle por debaixo do casco e un lene cheiro a gasolina. Despois o frío e a negra bruma pecháronlle os ollos. Nada.

Durante moito tempo, semanas, meses, anos, quen sabe, tal vez foran só uns segundos, a realidade desapareceu, todo parou, morreu, para ensumirse nun turbillón de luces e cores, , raias, recordos,

risas, conversas pasadas, presentes, futuras, un círculo vertixinoso no que todo se mesturaba, todo era certo, nada existía, só aquel sentimento de náuseas e o lene cheiro a gasolina. Abriu os ollos, aínda estaba alí, viu o lume que saía do motor, o fume negro e mesto que se metía polo nariz, polos ollos, pola pel, aquel fume negro que volvía a cubri-lo todo. Pero ela seguía alí, Ana estaba moitos metros máis adiante, inmóbil, nunha postura extraña, silandeira. Oíu ruídos, voces, berros, e antes de voltar a sumirse na inconsciencia, notou a calor que desprendían as chamas contra a súa meixela, e as sombras alaranxadas movéndose, devoradoras entre o fume. Unha raia de dor cruzou as súas pálpebras pechadas para logo caer, cun último alento, na ingravidade do intranscendente.

Chegaron coches, chamadas, números, sirenas. Os bombeiros coas súas máscaras e as longas mangueiras loitaban entre o fume intraspasable. Unha chea de ambulancias rodeaban a área, á espera, mentres multitude de curiosos se achegaban con panos tapando o nariz. O fume foise disipando, para deixar ó descuberto a horrible escena. Dous mozos xoves patinaron nunha bolsa de aceite da estrada. A moza xacía uns cincuenta metros máis adiante de onde quedaban os restos inservibles da moto, un amasillo de ferros e restos de neumático derretido. Os servicios sanitarios achegáronse rápidamente ó corpo. Aqueles fermosos ollos verdes abertos, coa mirada fixa no infinito, e unha expresión de horror que desfiguraba as belas faccións daquela cara cuberta de cinzas. O mozo xacía preto da moto, ennegrecido, quieto, silandeiro.

As sirenas ulularon, movéronse os coches, o fume foise erguendo, ata que alí non quedou máis nada, nin o máis mínimo vestixio do ocorrido. Tan só uns ollos espertos e esculcadores descubrirían alí, no foxo, unha cadea cun nome gravado, ennegrecida e agochada entre os restos chamuscados de neumáticos.

Lenemente foi abrindo os ollos, unha luz brillante e cegadora inundouno todo, un branco purísimo e eterno. Quizabes estaba morto, non sentía nada. Así que era aquilo, a pregunta sen resposta non era máis que aquilo, aquela brancura e mais a sensación de estar flotando. Non puido evitar unha sensación de risa, porque rir, o que se di rir, non riu. Claro, estaba morto, iso non o podía facer, ¿Non si? Ríase, ríase do branco, da luz, do valeiro. Sentíase defraudado. A verdade era que nin el mesmo sabía por qué, quizabes esperaba algo máis espectacular, unha grande avenida cos letreiros de ceo e inferno á esquerda e dereita, e ó fondo, grandes chamas e fume. *Chamas e fume*. O olor a gasolina volveu a encherlle o nariz. De súpeto, sentiu unha opresión no corazón. Lume, fume, Ana caendo ó lonxe, moi lonxe, alá, tan afastada no tempo e na distancia... Non entendía, el estaba agora morto, sumido na eternidade, ¿Que facían esas imaxes alí? Non era capaz de encaixalas. De súpeto oíu voces ó redor, voces coñecidas, o branco foise tornando menos cegador e o contorno foi formando sombras un pouco difusas ó principio, e persoas e cousas pouco despois. Recoñeceu ós seus pais, ós amigos, ós familiares, e tamén a outras persoas que non vira nunca, ataviadas cunha bata branca e un sorriso igual de branco, parecían retrincos do soño anterior que se resistían a desaparecer. Soño, ¿seica fora un soño? Entón non era verdade, non estaba morto. Intentou falar, pedir unha explicación, pero da súa gorxa non saía nada, quixo mover un brazo para indicar que estaba alí, que os vía, pero con horror descubriu que non sabía onde tiña os brazos, non os sentía, nin as pernas, nin nada, tiña o corpo morto, inerte, tirado, separado, desgaxado da cabeza, independente, non existía. Sentiu como un tremor moi fondo e moi profundo, como se un gas burbuxeante e acedo xurdise do seu mesmo cerne e subira, explotando a medida que se achegaba á superficie: un berro de anguria e incompreensión, desesperación, fonda amargura, medo, que tan só se traduciu nunhas leves bágoas que nin sequera sentiu caer pola meixela, e entre as bágoas que acugulaban os seus ollos, tan só chegou a albisca-los sorrisos brancos e etéreos, brillantes e fríos que o rodaban coma no soño. De novo aquel cheiro a gasolina e a escuridade con luces... *A vida é unha caixa de sorpresas...* Aquelas burbullas que xurdiran nun momento de desesperación, non foron as últimas que saíron, nin as

últimas que lle correron polas fazulas sen sentilas, nin o derradeiro berro afogado pola súa gorxa sen vida. Primeiro foi por Ana e polo seu corpo xove e fermoso deitado no ataúde branco cunha rosa no peito suxeita entre as mans, un amor que se levaba en forma de pétalos perfumados e con espiñas con ela para sempre a través de toda a eternidade, polos seus ollos verdes e fríos, e baldeiros, e... Non, non podía ser. Precisaba berrar, collela, abrazala, pero estaba alí, naquela silla de rodas quieto, tan morto como ela, inservible, inútil, pero aínda acompañado desa dor da que Ana se desfixera para sempre, e mentres vía pechase a caixa, e mentres vía a súa fermosa cara por última vez, o seu cabelo dourado, aquela rosa con espiñas preto do corazón, mentres vía como a baixaban e a deixaban alí no fondo, no seo da terra fría, daquela fría terra chea de vermes e de podredume tan soa, tan soa, escondeuse no seu soño branco, no seu último refuxio, o da inconsciencia, ó único ó que podía acudir para tratar de escapar daquela fría realidade que o rodeaba e o superaba, que o atacaba e fería. Primeiro por Ana, despois e xa por último, por si mesmo, pola súa vida tronzada, polo seu corpo tan podre e baldeiro como a terra na que Ana quedara para sempre, á que como último consolo, aspiraba chegar a merecer, e tamén para que nun tempo non moi lonxano, puidera repousar xunto a ela, cunha rosa cravada no corazón. Pero para a súa desesperación, aquel prazo de tempo non ía ser tan curto. Pasaron semanas, meses, a vida seguiu o seu curso. O tempo, coma un cabalo desbocado, seguiu trotando, correndo o seu camiño imparable, omnipotente; ó seu redor, sorrisos e bágoas sucedíanse nun continuo ir e vir do ciclo da vida, das persoas, do mundo, aínda máis, do universo. Só seguía el alí, frío, baleiro interiormente, sen unha razón para rir, sen xa razóns para chorar, tan só co desexo non cumprido de que aquel pesadelo rematase dunha vez por todas e para sempre.

Aquel cuarto na casa dos seus pais da que había algún tempo, semellaba xa séculos atrás, crera poder marchar cara un horizonte novo, cara un novo futuro cheo de expectativas, aquel cuarto, aquela gaiola, aquel odioso cárcere era para el agora unha tortura; aquelas fotos, aqueles pósters, aqueles obxectos lembrábanlle o que puido chegar a ser, o que fora, pero que xa nunca, endexamais,

volvería a ser; aqueles soños, aqueles desexos ardentes que lembraba a tódalas horas, a cada minuto, a cada segundo, non eran para el máis ca unha tortura, un sufrimento co que tiña que cargar en silencio. Dende a ventá vía pasa-la vida, a súa propia, a dos seus pais, a das súas amizades que xa desistiran de ver día tras día a súa cara inexpresiva, de albiscar tras aqueles ollos aparentemente fríos e indiferentes a desesperanza, a dor e a morte; a dos rapaces que día tras día ían correndo ó colexio, sorrintes, con toda a vida por diante... *A vida é unha caixa de sorpresas...* Pechou os ollos. Chegou como unha revelación. O seu pai gardaba unha automática no caixón da mesa do despacho. A casa estaba vacía. Achegouse paseniño, silandeiro, forzou o caixón e, ó abri-lo, albiscou o brillo frío e metálico da súa solución. Colleuna nas mans, apenas pesaba, só emitía un silencio aterrador que lle produciu un arreguizo. Non o dubidou sequera. Estaba farto de vivir. Ergueuna, mirou a foto de Ana no estante riba da cama e disparou. O eco espallouse por toda a casa, un corpo inerte espaxado sobre a silla metálica, o sangue espallado, as salpicaduras pola parede branca e polo retrato de Ana.

Abríu os ollos, o eco do soño aínda resoaba no seu cerebro. Mirou as mans, mirou a ventá. Era imposible que se puidera acercar á mesa, e menos aínda forza-la pechadura. Era paralítico. Paralítico. Paralítico. Paralítico. Outra vez a autocompaixón, a amargura seca, sen bágoas xa esgotadas. Voltou a mirar pola fiestra, un grupo de rapaces voltaban de facer deporte, un deles empurraba unha silliña; ía falando co seu ocupante, que xesticulaba emocionado. Algo se rompeu fondo, moi fondo, un cristal fragmentado en mil anacos punzantes. Aquela masa burbulleante que había tanto tempo que non sentía, durante todo aquel tempo de seca, volveu a saír como un novo furacán, un segundo furacán que lle abría desta vez outros horizontes novos. Non lle gustara que o sangue no soño cubri-se a foto de Ana, non quería que a súa propia autocompaixón e egoísmo empanasen a súa lembranza dela.

Ó voltar a casa súa nai, pediulle que o levase ó cemiterio onde estaba enterrada Ana. Sorprendida, albiscou no seu fillo unha mirada nova. Silandeira e esperanzada, eficiente e co corazón saltándolle no peito, levouno ata alí. A tumba seguía no mesmo lugar, no montículo, á sombra das árbores e coa paisaxe brumosa do mar ó fondo; pero aínda así non era como a lembraba. Ó redor da lápida medrara herba onde antes só había terra removida, o lamazal convertérase nunha campiña de herba e flores, e a bruma que antes mostraba friaxe e tristeza era agora máis nada que un telón que hai que correr para albisca-lo horizonte do futuro. Xurxo mirou a lápida:

Ana María Prieto Sanxoán

1977- 2000

Descansa en paz.

Fíxoselle un nó na gorxa, e sen decatarse viuse falando con ela: “Ana, síntoo moito, sei que te defraudei, sei que fun un egoísta e un amargado, e pídoche que me perdoes. Sei que o farás.” E cun sorriso e coas bágoas correndo contemplou unha única rosa vermella recién colocada no xarrón vacío, e moi baixiño, case nun susurro díxolle: “Terás que agardarme aínda durante algún tempo, pero non importa, sei que tes toda a eternidade para facelo.”

Mirou á súa nai con aquel sorriso retranqueiro, aquel sorriso dos días de festa, dos días que estaba ledos e lle brillaban os ollos con aquela luz de picardía e amizade, co sorriso daquel día no que alguén lle dixo: *A vida é unha caixa de sorpresas...*

Mentres se afastaban, Xurxo sentiu ás súas costas unha presenza silandeira e garimosa, como aquel día que o rodeara cos seus brazos mornos e acolledores, e soubo que Ana, estivera onde estivera, lle sorría e o miraba con aquela cara súa tan fermosa, cos seus ollos verdes tan ledos e soubo que estaba orgullosa del, porque despois da seca chegan as chuvias, despois da noite, o día, e despois da morte, a vida.